

UN SAXO NA NÉBOA

I

Un home necesitaba diñeiro con urxencia para pagarse unha pasaxe a América. Este home era amigo do meu pai e tiña un saxofón. O meu pai era carpinteiro e facía carros do país con rodas de carballo e eixo de ameneiro. Cando os facía, asubiaba. Inflaba as meixelas como peitos de paporroibo e soaba moi ben, a frauta e violín, acompañado pola percusión nobre das ferramentas na madeira. O meu pai fíxolle un carro a un labrador rico, sobriño de crego, e logo prestoulle o diñeiro ao amigo que quería ir a América. Este amigo tocara tempo atrás, cando había un sindicato obreiro e este sindicato tiña unha banda de música. E regaloullo ao meu pai o día en que se embarcou para América. E o meu pai pousoumo nas mans con un moito coidado, como se fora de cristal.

—A ver se algún día chegas a tocar o *Francisco alegre, corazón mío*.

Gustáballe moito aquel pasodobre.

Eu tiña quince anos e traballaba de peón de albanel na obra de Aduanas, no porto da Coruña. A miña ferramenta era un botixo. A auga da fonte de Santa Margarida era a máis apreciada polos homes. Ía por ela moi a modo, mirando os escaparates dos comercios e da fábrica de Chocolate Exprés na Praza de Lugo. Había tamén unha galería con tres gaiolas de paxaros de cores e un cegó que vendía o cupón e lle dicía piropos ás leiteiras. As veces, tiña que gardar cola na fonte porque había outros rapaces

con outros botixos e que viñan doutras obras. Nunca falabamos entre nós. De regreso á obra, camiñaba a présa. Os obreiros bebían a auga e eu volvía camiñar cara á fonte, e miraba o escaparate da fábrica de Chocolate Exprés, e a galería coas tres gaiolas de paxaros e paraba diante do cego que agora dicía piropos ás peixeiras.

Cando facía a última viaxe do día e pousaba o botixo, collía o maletín do saxo.

Durante dúas horas, no serán, ía a clases de música con don Luís Braxe, na rúa de Santo Andrés. O mestre era pianista, tocaba nun local nocturno de varietés, e gañaba tamén a vida así, con aprendices. Dábamos unha hora de solfeo e outra co instrumento. A primeira vez díxome: “Cólleo así, firme e con cariño, como se fora unha moza”. Non sei se o fixo adrede, pero aquela foi a lección máis importante da miña vida. A música tiña que ter o rostro dunha muller que namorar. Pechaba os ollos para imaxinala, para pórle cor ao pelo e aos ollos, pero souben que mentres só saíran do meu saxo orneos de burro, endexamais existiría esa moza. Durante o día, no ir e vir á fonte de Santa Margarida, camiñaba ameigado co meu botixo, solfeando polo baixo, só atento ás mulleres que pasaban. Como o cegó do cupón.

Levaba pouco máis dun ano de música con don Luís cando me pasou unha cousa extraordinaria. Despois de saír da clase, parei no escaparate de Calzados Faustino, no Cantón. Estaba alí, co meu maletín, mirando aqueles zapatos como quen mira unha película de Fred Astaire, e achegouse un home moi grandón, calvo, a fronte enorme como o lintel dunha porta.

—¿Que levas aí, rapaz? —preguntou sen máis.

—¿Quen, eu?

—Si, ti. ¿É un instrumento, non?

Tan ancho e alto, turraba coa cabeza e levaba os longos brazos caídos, como se estivera canso de tirar da bola do mundo.

—É un saxo.

—¿Un saxo? Xa dicía eu que tiña que ser un saxo. ¿Sabes tocalo?

Lembrei a mirada paciente do mestre. Vas ben, vas ben. Pero había momentos en que don Luís non podía disimular e asomaba o desacougo nos ollos coma se, en efecto, eu deixara caer unha valiosa peza de vidro ao chan.

—Si, claro que sabes —dicía agora aquel estraño que nunca me escoitara tocar—. Seguro que sabes.

Así entrei eu na Orquestra Azul. Aquel home chamábase Macías, que era o batería e un pouco o xefe. Necesitaba un saxo para a fin de semana e alí o tiña. Para os meus pais non había dúbida. Hai que subirse ao cabalo cando pasa por diante.

—¿Sabes tocar o *Francisco alegre*? ¿Sabes, verdade? Pois xa está.

Dérame un enderezo para acudir ao ensaio. Cando cheguei alí, souben que xa non había volta atrás. O local era o primeiro andar da fábrica de Chocolate Exprés. De feito, a Orquestra Azul tiña un suculento contrato publicitario.

Chocolate exprés

¡Ay qué rico es!

Había que corear esa frase tres ou catro veces en cada actuación. A cambio, a fábrica daba unha tableta de chocolate a

cada un. Falo do ano 49, para que se me entenda. Había tempadas de arrecendo desalgado, de caldo, de morriña, de pan negro. Cando chegabas á casa con chocolate, os ollos dos irmáns pequenos acendíanse como candelas diante dun santo. Si, que rico era o Chocolate Exprés.

Desde allende los mares,

el crepúsculo en popa,

la Orquesta Azul.

¡La Orquesta Azul!

En realidade, a Orquestra Azul non pasara a Marola. Unha vez actuara en Ponferrada, iso si. Pero era a forma garbosa de presentarse entón. América era un soño, tamén para as orquestras galegas. Corría a lenda de que se conseguías un contrato para ir tocar a Montevideo e Bos Aires podías volver con sombreiro e con ese brillo san que se lle pon á cara cando levas a carteira chea. Se eu fora co botixo, tardaría día e noite en percorrer unha avenida de Bos Aires e a auga criaría ras. Iso díxomo un da obra. Moitas orquestras levaban nome americano. Había a Orquestra Acapulco, que era da parte da montaña, e presentábase así:

Tintintín, tirititín...

Nos dirigimos a nuestro distinguido público en castellano ya que el gallego lo hemos olvidado después de nuestra última gira por Hispanoamérica.

¡Maníiiiiii!

Si te quieres un momento divertir,

cómprate un cucuruchito de maní...

Tamén había orquestras que levaban o traxe de mariachi. A cousa mexicana sempre gustou moito en Galicia. En todas as cancións había un cabalo, un revólver e unha muller con nome de flor. ¿Que máis necesita un home para ser o rei?

A Orquestra Azul tamén lle daba aos corridos. Pero o repertorio era moi variado: boleros, cumbias, pasodobres, cuplés, polcas, vales, jotas galegas, de todo. Unha cousa sería. Oito homes sobre o palco, con pantalón negro e camisas de cor azul auga con chorreras de encaixe branco e voos nas mangas.

Macías traballaba durante a semana en Correos. Imaxinábao poñendo selos e tampóns como quen bate en pratos e bombos. O vocalista chamábase Juan María. Era barbeiro. Un home con moita percha. Moitas mozas devecían por el.

—¿Bailas comigo, Juan María?

—¡Vaite por aí, perica!

E logo estaba Couto, que era contrabaixo e pola semana traballaba nunha fundición. A este Couto, que padecía algo do ventre, mandáralle o médico comer só papas. Pasou sete anos seguidos con fariña de maínzo e leite. Un día, polo entroido, chegou á casa e díxolle á muller: “Faime un cocido, con lacón, chourizo e todo. Se non morro así, morro de fame”. E foille de marabilla.

O acordeonista, Ramiro, era reparador de radios. Un home de oído finísimo. Chegaba ao ensaio, presentaba unha peza nova e logo dicía: “Esta collina polo aire”. Sempre dicía iso, collina polo aire, acompañándose dun aceno coa man, como se apañara unha presa de bolboretas. Á parte do seu instrumento, tocaba a fruta de canivela co nariz. Un valse nasal. Era un número extra que

impresionaba ao público, tanto como o burro sabio dos titiriteiros. Pero a min o que me gustaba era unha das súas cancións misteriosas pilladas polo aire e da que ben recordo o comezo.

Aurora de rosa en amanecer

nota melosa que gimió el violín

novelesco insomnio do vivió el amor.

E estaban tamén o trompeta Comesaña, o trombón Paco e o meu compañeiro, o saxo tenor, don Juan. Un home maior, moi elegante, que cando mo presentaron pasoume a man pola cabeza como se me dera a bendición.

Agradecinllo. Dentro de nada, ía ser o meu debut. En Santa Marta de Lombás, segundo informou Macía.

—Si, rapaz —asentiu Juan María—. ¡Santa Marta de Lombás, irás e non volverás!

II

O domingo, moi cedo, collemos o tren de Lugo. Eu ía, máis ca nervioso, nas nubes, como se non espertara aínda e o tren fora un leito voador. Todos me trataban como un home, como un colega, pero tiña a sensación de que achicara pola noite, de que encollera da cabeza aos pés, e que todo en min minguaba, mesmo o fío da voz, ao tempo que se agrandaba o de fóra. Por exemplo, as mans de Macías, enormes e pesadas como sachos. Miraba as miñas e o que vía era as da miña irmá pequena envolvendo unha espiga de maínzo por bebé. ¡Deus! ¿Quen ía terminar do saxo? Se cadra todo era culpa daquel traxe prestado que me viña longo. Escorríame nel coma un caracol.

Baixamos na estación de Aranga. Era un día de verán, moi soleado. O vigairo da comisión de festas de Sania Marta de Lombás agardaba xa por nós. Presentouse como Boal. Era un home moi rexo, de mirada escura e mostacho grande. Termaba de dúas mulas nas que cargou os instrumentos e o baúl onde ían os traxes. Unha das bestas revirouse, asustada polo estrondo da batería. Boal encarouna ameazador co puño á altura dos ollos.

—¡Féndoche a crisma, Carolina! ¡Sabes que o fago!

Todos miramos o puño de Boal. Unha enorme maza peluda a brandear no aire. Por fin, o animal abaixou manso a cabeza.

Puxémonos en marcha por un camiño fresco que cheiraba a cereixas e con moita festa de paxaros. Pero logo collemos por unha pista poeirenta, aberta nun monte de carqueixa e toxeirás. Xa non había nada entre as nosas cabezas e o fogón do sol. Nada, agás as rapiñas. A leria animada dos meus compañeiros foi mudando nun rosario de bufidos e a estes seguiron blasfemias xordas, sobre todo cando os zapatos acharoados, enfariñados de po, batían cos croios. En cabeza, moi rexo e con sombreiro, Boal parecía tirar ao tempo de homes e mulas.

O primeiro en lanzar unha pedra foi Juan María.

—¿Vistes? ¡Era un lagarto, un lagarto xigante!

Ao pouco, todos arrebolaban pedras cara aos valos, penedos ou postes da luz, como se centos de lagartos nos rodearan. Diante, Boal mantiña implacable o paso. De cando en vez volvíase aos rostros suorosos e dicía cun sorriso irónico: “¡Xa falta pouco!”

—¡A puta que os pariu!

Cando apareceron as picaduras dos tabáns, as blasfemias fixéronse oír como estalos de petardos. A Orquestra Azul, asada

polas lapas do sol, levaba as gravatas na man e abaneábaas ao xeito das bestas o rabo para espantar os bechos. Para entón, o baúl carrexado por unha das mulas parecía o cadaleito dun defunto. No ceo ardente planeaba un bexato.

¡Santa Marta de Lombás, irás e non volverás!

Nada máis verse o campanario da parroquia, a Orquestra Azul recompuxo axiña a figura. Os homes anoaron as gravatas, alisaron os traxes, peitearon o pelo, e limparon e abrillantaron os zapatos cun roce maxistral na barriga da perna. Imiteinos en todo.

Soaron para nós as bombas de palenque.

¡Chegaron os da orquestra!

Se hai algo que un disfruta a primeira vez é a vaidade da fama, por pequena e infundada que sexa. Os nenos, revoando como bolboretas arredor nosa. As mulleres cun sorriso de xeranios na fiestra. Os vellos asomando na porta como cucos dun reloxo.

¡A orquestra! ¡Chegaron os da orquestra!

Saudamos como heroes que resucitan aos mortos. Agrandábame. Enchíaseme de aire o peito. Pero, de súpeto, comprendín. Nós eramos algo realmente importante, o centro do mundo. E volvíñ encoller como un caracol. Tremábanme as pernas. O maletín do saxo pesábame como roubado a un mendigo. Sentíame un farsante.

Fixemos un alto no cruceiro e Macías pousou o seu brazo de ferro no meu ombro.

—Agora, rapaz, vannos levar ás casas que nos dan pousada. Ti non teñas reparo. Se hai fame, pides de comer. E que a cama sexa boa. Ese é o trato.

E logo dirixiuse sentencioso a Boal: “O rapaz que estea ben atendido”.

—Iso está feito —respondeu o home, sorrindo por vez primeira —. Vai durmir na casa de Boal. Na miña casa.

Na planta baixa estaban tamén as cortes, separadas da cociña por presebes de pedra, así que o que primeiro vin foi as cabezas das vacas. Engulían a herba lambéndoa como se fora unha nube de zucre. O chan da cociña fora estrado de balume. Había un fume de lareira que picaba algo nos ollos e envolvía todo nunha hora incerta. No extremo da longuísima mesa, cosía unha moza que non deixou o labor nin sequera cando o home pousou perto dela a caixa do saxo.

—¡Café, nena!

Ergueuse sen mirarnos e foi coller un cazo do lavadoiro. Logo colocouno sobre a trepia e, inclinándose e soprando a modo, coa sabedoría dunha vella, avivou o lume. Foi entón cando notei con abraio rebulir o chan, perto dos pés. Había coellos roendo no balume, coas orellas tesas como follas de eucalipto. O home debeuse decatar do meu trastorno.

—Fan moi bo esterco. E bos asados.

Boal mostroume, con orgullo, o gando da casa. Había seis vacas, unha parella de bois, un cabalo, as dúas mulas que trouxeran a nosa equipaxe, porcos e equis galiñas. Díxoo así: *equis* galiñas. O cabalo, explicoume, sabía sumar e restar. Preguntoulle canto eran dúas máis dúas e el petou co casco catro veces no chan.

—Aquí non vas pasar fame, rapaz. A ver nena, trae o biscoito. E o queixo. Hmm. Non me digas que non queres. Ninguén di que non na casa de Boal.

Foi entón, coa fonte da comida na man, cando puideron vela ben por vez primeira. Miraba para baixo, como se tivera medo da xente. Era miúda pero cun corpo de muller. Os brazos remangados e fortes, de lavandeira. O pelo recollido en trenza. Ollos rasgados. Alonguei a man para coller algo. ¿Que me pasaba? ¡Ceo santo! ¿Ti que fas aquí, chiniña? Era como se estivera sempre na miña cabeza. Aquela nena chinesa da *Enciclopedia escolar*. Mirábaa, enfeitizado, mentres o mestre falaba dos ríos que tiñan nomes de cores. O Azul, o Vermello, o Amarelo. Quizáis China estaba alí, pouco despois de Santa Marta de Lombás.

—Non fala —dixo en voz alta Boal—. Pero oe. Oír si que oe. A ver, nena, móstralle ao músico o cuarto de durmir.

Seguina polas escaleiras que levaban ao sobrado. Ela mantiña a cabeza gacha, mesmo cando abriu a porta do cuarto. A verdade é que non había moito que ver. Unha cadeira, unha mesiña con crucifixo e unha cama cunha colcha amarela. Tamén un calendario dunha ferretería cunha imaxe do Sagrado Corazón.

—Ben, está moi ben —dixen. E apalpei a cama por mostrar un pouco de interese. O colchón era duro, de broma de maízo.

Volvinme. Ela estaba a contraluz e palpebrei. Creo que sorría. Ben, moi ben, repetín, buscando a súa mirada. Pero agora ela volvía ter os ollos cravados nalgunha parte de ningures.

Co traxe de gravata, a Orquestra Azul reuniuse no adro. Tiñamos que tocar o himno español na misa grande, no momento

en que o párroco alzaba o Altísimo. Cos nervios, eu cambiaba a cada momento de tamaño. Xa no coro, suoroso coa apertura, sentínome como un pardal desfalecido e inseguro nunha pola. O saxo era enorme. Non, non ía poder con el. E xa caía, cando notei na orella un alento salvador. Era Macías, falando polo liaixiño.

—Ti non sopres, rapaz. Fai que tocas e xa está.

E iso mesmo foi o que fixen na sesión vermú, xa no palco do campo da feira. Era un pequeno baile de presentación, antes da xente ir xantar. Cando perdía a nota, deixaba de soprar. Mantiña, iso sí, o vaivén, de lado a lado, ese toque de onda ao que Macías daba tanta importancia.

—Hai que facelo bonito —dicía.

¡Que tipos os da Orquestra Azul! Tiña a íntima sospeita de que nos choberían pedras no primeiro palco onde subirá con eles. ¡Eran tan xenerosos nos seus defectos! Pero fiquei pronto sorprendido con aqueles homes que cobraban catorce pesos por ir tocar ao fin do mundo. “¡Arriba, arriba!”, puxaba Macías. E animábase o vaivén, e enguedellaban todos nun ritmo que non parecía xurdir dos instrumentos senón da forza animosa duns braceiros.

*Yo te he de ver y te he de ver y te he de ver
aunque te escondas y te apartes de mi vista*

Trataba de ir canda eles, alomenos no vaivén. Por momentos, parecía que unha alma alexaba virtuosa enriba miña e sorprendíame a min mesmo cun bo son, pero axiña a alma da orquestra fuxía como un paporroibo abraído por un orneo.

Fun xantar á casa de Boal e da moza miúda con ollos de chinesa.

Desde logo, non ía pasar fame.

Boal afiou o gume do coitelo na manga do seu brazo como fan os barbeiros coa navalla no coiro e logo, dunha tallada, cortou o bacoriño da fonte en dous. Arrepíoume aquela brutal simetría, sobre todo cando descubrín que unha metade, coa súa orella e ollo, era para min.

—Gracias, pero é moito.

—Un home é un home e non unha galiña —sentenciou Boal sen deixar saída, como se resumira a historia da Humanidade.

—¿E ela? —preguntei buscando algunha complicidade.

—¿Quen? —dixo el con verdadeira sorpresa e mirando arredor co rabo do leitón na man. Ata que reparou na moza, sentada á luz da fiestra do fregadeiro—. ¡Bah! Ela xa comeu. É como un paxariño.

Durante uns minutos mastigou dun xeito voraz, por se no aire quedara algunha dúbida sobre o que había que facer con aquel porco.

—Vas ver algo curioso —dixo de repente, despois de limpar a boca con aquela manga tan útil—. ¡Ven aquí, nena!

A miúda veu dócil ao seu carón. El colleuna do antebrazo co cepo da man. Temín que estalara como un ala de ave nas mans dun carniceiro.

—¡Dáte a volta! —dixo ao tempo que a facía xirar e a puña de costas cara a min.

Ela levaba unha blusa branca e unha saia estampada de dalias vermellas. A longa trenza caía ata as nádegas, rematada nun lazo de bolboreta. Boal comezou a desabotoar a blusa. Asistín atónito á escena, sen entender nada, mentres o home forcexaba

torpemente cos botóns, que se escorrían nas mans rugosas como boliñas de mercurio na cortiza dunha sobreira.

Por fin, abriu a blusa ao longo das costas.

—¡Mira, rapaz! —exclamou con intriga Boal.

Eu estaba enfeitizado co lazo de bolboretta e o péndulo da trenza.

—¡Mira aquí! —repetiu el, sinalando co índice unha flor rosa na pel.

Cicatrices. Había alómenos seis manchas desas.

—¿Sabes o que é isto? —preguntou Boal.

Eu sentía pudor por ela e unha covardía que me espinaba a gorxa. Gustaríame ser un daqueles coellos con orellas puntiagudas como follas de eucalipto.

Neguei coa cabeza.

—¡O lobo! —exclamou Boal—. ¿Non oíras nunca falar da nena do lobo? ¿Non? Pois aquí a tes. ¡A nena do lobo!

Aquela situación estraña e desagradable entrou de súpeto na orde natural dos contos. Erguinme e achegueime sen recato para mirar ben as cicatrices nas costas espidas.

—Aínda se ven as marcas dos dentes —dixo Boal, como se lembrara por ela.

—¿Como foi? —preguntei por fin.

—¡Anda, vístete! —dixo á rapaza. E cun aceno convidoume a volver ao asento—. Ela tiña catro anos. Fun coidar o gando e leveina comigo. Fora un inverno doente. ¡Si, señor! ¡Un inverno realmente duro! E os lobos, famentos, xogáronma. ¡Carallo se ma xogaron!

Á parte do que pasara coa nena, Boal, polo visto, estaba persoalmente moi doído cos lobos.

—Foi unha conxura. Estábamos nunha pradería lindante coa fraga. Un dos cabróns deixouse ver no claro e fuxiu cara ao monte baixo. Os cans correron doentes tras del. E eu fun tras dos cans. Deixeiina alí, sentadiña nun saco. Foi cousa de minutos. Cando volvín, xa non estaba. ¡Como ma xogaron, os cabróns!

Aquel home era dono dunha historia. O único que eu podía facer era agardar que a desembuchara canto antes.

—Ninguén entende o que pasou... Salvouse porque non a quixo matar. Esa é a única explicación. O que a pillou non a quixo matar. Só a mordeu no lombo. Podía facelo no pescozo e adeus, pero non. Os vellos dicían que esas eran mordeduras para que non chorara, para que non avisara á xente. E ben que lle fixo caso. Ficou muda. Nunca máis volveu falar. Atopámola nun tobo. Foi un milagre.

—¿E como se chama?

—¿Quen?

—Ela, a súa filia.

—Non é a miña filia —dixo Boal moi serio—. É a miña muller.

III

—Prende nas cousas. Emboba. Algo que lle chama a atención e xa non o solta.

Notei a calor das meixelas. Sentíame rubio como lume. Ela, a miña chinesa fuxidía, non deixaba de mirarme. Baixara do cuarto disposto para a verbena, coa camisa de chorreras.

—E polo traxe —dixo algo despectivo Boal. E logo dirixiuse a ela para berrar—: ¡Que parviña es!

Aqueles ollos de luz verdosa ían seguirme toda a noite, para a miña sorte, como dous vagalumes. Porque eu tamén prendín neles.

A verbena era no campo da feira, adornada de pola a pola dos carballos con algunhas grilandas de papel e máis nada. Cando escureceu, as únicas luces que iluminaban o baile eran uns candís colgados a ambos os dous lados do palco e no quiosco das bebidas. Por demais, caerá a noite cun tule de néboa montañesa que envolvía ás arbores de enaguas e veos. Co tempo, facíase máis mesta e foi arroupando todo nunha cousa fantasma, da que só saían, abrazados e xirando coa música, as parellas máis alegres, axiña engulidas de novo por aquel ceo tendido a ras de chan.

Ela si que permanecía á vista. Apoiada nun tronco, cos brazos cruzados, cubertos os ombros cun chal de la, non deixaba de mirarme. De cando en vez, Boal xurdía da néboa como un inqueda pastor de gando. Lanzaba ao arredor unha mirada de advertencia, de navalla e augardente. Pero a min dábame igual.

Dábame igual porque fuxía con ela. Íamos sós, a lombo do cabalo que sabía sumar, polos montes de Santa Marta de Lombás, irás e non volverás. E chegabamos á Coruña, a Aduanas, e o meu pai agardábanos coas dúas pasaxes do barco para América e, desde o peirao, aplaudían todos os albaneis e un deles ofrecíanos o botixo para tomar un grolo e dáballo de beber tamén ao cabalo que sabía sumar.

Macías, pegado á orela, fíxome abrir os ollos.

—¡Vas fenomenal, rapaz! ¡Tocas coma un negro, tocas como Deus!

Decateime de que estaba a tocar sen preocuparme se sabía ou non. Todo o que había que facer era deixarse ir. Os dedos movíanse sós e o aire saía do peito sen afogo, empuxado por un fol senlleiro. O saxo non me pesaba, era lixeiro como fruta canivela. Sabía que había xente, moita xente, a danzar e namorarse na néboa. Tocaba para eles. Non os vía. Só a vía a ela, cada vez máis perto.

Ela, a Chiniña, que fuxía comigo, mentres Boal ouveaba na noite, cando a néboa despexaba, de xeonllos no campo da feira e co chal de la nos pezuños.

Manuel Rivas